PRIMEIRO.- Excluir da licitación á empresa “**Degalle Construcciones, S.A.**” que presentou a súa oferta a través da Plataforma de Contratación Dixital do Concello de Riveira e a través do Rexistro Xeral Telemático do mesmo (que tivo entrada na data 07/01/2019, co número 234) no que se reflexa o importe da súa oferta (prezo base de 89.326,80 euros, IVE 21% 18.758,63 euros, prezo total 108.085,43 euros) o que implica a ruptura do anonimato da oferta.

SEGUNDO.- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Ampliación da antiga escola unitaria de Corrubedo, do seguinte xeito:**

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA
1	ALBERTO PÉREZ SAMPEDRO	86.927,94 €
2	CYS HISPANIA, S.L.	86.964,79 €
3	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	88.000,00 €
4	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	89.900,20 €
5	COVISAN NORTE, S.L.	89.980,00 €
6	DENUEVO PUNTO CREATIVO	90.228,00 €
7	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	92.810,20 €
8	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	94.014,00 €
9	CONSTRUCCIONES HERMANOS SANZ 2000, S.L.	95.167,63 €
10	CONSTRUCCIONES DOMINGUEZ ARIAS E HIJOS, S.L.	98.579,96 €
11	INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	98.939,54 €
12	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	99.101,35 €
13	GRUPO ANTOLIN SOLUCIONES, S.L.	99.870,00 €
14	TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	99.912,89 €

TERCEIRO.- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, **requirir a “Alberto Pérez Sampedro” que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.**

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado





entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 01/02/2019.

Dentro do prazo concedido “Alberto Pérez Sampedro” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 08/02/2019 co número 1868. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 08/02/2019 (nº operación: 2019 33000638), xustificativa de constitución de aval do Banco Santander, por importe de 4.346,40 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado de data 14/02/2018, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “*que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Alberto Pérez Sampedro. DNI 52934180-W*”.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 15/02/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 27/03/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 31/01/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de “Ampliación da antiga escola unitaria de Corrubedo” á Alberto Pérez Sampedro (DNI 52934180-W), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 105.182,81 euros (base: 86.927,94 euros ; IVE 21%: 18.254,87 euros).**

b) **Prazo de execución: 6 meses**, segundo o establecido no proxecto técnico redactado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño de data maio/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste decreto de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Director das obras ó arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño.





QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

3.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO E DE ABASTECIMENTO NA CARBALLA (PALMEIRA)”.

Expediente :2018/C_OB000028

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado “Instalación de rede de saneamento e de abastecemento na Carballa (Palmeira)”, cun orzamento total de licitación de 82.025,10 euros (orzamento base 67.789,34 euros; IVE 21%: 14.235,76 euros) e un prazo de execución de 4 meses.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data agosto 2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 19/11/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.60926, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión do 29/11/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 30/11/2018.

O acto de apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/12/2018, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.	CORRECTA	42.940,00 €
VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	CORRECTA	47.452,54 €
MANTIDO, S.L.	CORRECTA	47.527,11 €
CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	CORRECTA	48.200,00 €
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	50.410,43 €
CANARGA, S.L.	CORRECTA	50.909,09 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	51.500,00 €
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	CORRECTA	51.635,14 €
MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	CORRECTA	52.320,00 €
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	CORRECTA	52.872,57 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	CORRECTA	53.167,17 €
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	CORRECTA	56.875,26 €
SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	CORRECTA	56.943,04 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	CORRECTA	57.085,41 €
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS	CORRECTA	57.180,31 €
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	CORRECTA	57.695,50 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	CORRECTA	57.932,77 €
CETA CONTRATAS, S.L.	CORRECTA	59.266,97 €
EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.	CORRECTA	59.916,97 €
LÓPEZ Y LEIS, S.A.	CORRECTA	60.000,00 €
ALCOMTE GALICIA, S.L.	CORRECTA	60.961,93 €
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	CORRECTA	62.010,15 €





TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	CORRECTA	67.104,66 €
-----------------------	----------	-------------

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores: “Vías y Servicios Generales, S.L.”, “Excavaciones Abelleira, S.L.”, “Construccións Fermín Simal, S.L.” e “Mantido, S.L.” deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 21/12/2018, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas ofertas.

As notificacións dos requirimentos da xustificación das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 17/01/2019.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación xustificativa das súas ofertas as catro empresas requiridas.

Con data 31/01/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Instalación de rede de saneamento e de abastecemento na Carballa”*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:

- Na documentación presentada por Excavaciones Abelleira, S.L. expoñen os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*
- A documentación presentada por Mantido, S.L., Construccións Fermín Simal, S.L., e Vías y Servicios Generales, S.L. non se considera suficiente para xustificar as súas ofertas.*

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Excavaciones Abelleira, S.L. e excluir ás empresas Mantido, S.L., Construccións Fermín Simal, S.L., e Vías y Servicios Generales, S.L., do proceso de licitación”

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 05/02/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 07/02/2019, adoptou os seguintes acordos:

- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 31/01/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas:

- a) Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Excavaciones Abelleira, S.L.”*
- b) EXCLUIR da licitación ás empresas “Mantido, S.L.”, “Construccións Fermín Simal, S.L.” e “Vías y Servicios Generales, S.L.”, por non considerar suficiente a xustificación das súas ofertas económicas.*

- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Instalación de rede de saneamento e de abastecemento na Carballa”, do seguinte xeito:





ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.	42.940,00 €
2	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	50.410,43 €
3	CANARGA, S.L.	50.909,09 €
4	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	51.500,00 €
5	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	51.635,14 €
6	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	52.320,00 €
7	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	52.872,57 €
8	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	53.167,17 €
9	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	56.875,26 €
10	SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	56.943,04 €
11	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	57.085,41 €
12	CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS	57.180,31 €
13	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	57.695,50 €
14	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	57.932,77 €
15	CETA CONTRATAS, S.L.	59.266,97 €
16	EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.	59.916,97 €
17	LÓPEZ Y LEIS, S.A.	60.000,00 €
18	ALCOMTE GALICIA, S.L.	60.961,93 €
19	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	62.010,15 €
20	TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	67.104,66 €

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa “Excavaciones Abelleira, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 13/02/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa “Excavaciones Abelleira, S.L.” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 21/02/2019 co número 2430. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 20/02/2019 (nº operación: 2019 33000733), xustificativa de constitución de aval de Abanca, por importe de 3.389,47 euros, en concepto de garantía do contrato.

Consta no expediente certificado de data 26/03/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Excavaciones Abelleira, S.L. CIF B-15841166”.





Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 25/02/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 26/03/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 07/02/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de "Instalación de rede de saneamento e de abastecemento na Carballa (Palmeira)" á empresa Excavaciones Abelleira, S.L. (CIF B-15841166), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 51.957,40 euros (base: 42.940,00 euros ; IVE 21%: 9.017,40 euros).**

b) **Prazo de execución: 4 meses**, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data agosto/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado "Perfil de Contratante".

4.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "INSTALACIÓN DE REDE DE SANEAMENTO CON POZO DE BOMBEO EN CARBALLAL (PALMEIRA)".

Expediente :2018/C_OB000027

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **"Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo en Carballal (Palmeira)"**, cun orzamento total de licitación de 55.894,20 euros (orzamento base 46.193,55 euros; IVE 21%: 9.700,65 euros) e un prazo de execución de 3 meses.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data agosto 2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 20/11/2018.





O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adjudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.60925, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión do 29/11/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 30/11/2018.

O acto de apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/12/2018, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	CORRECTA	28.870,97 €
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	33.874,19 €
EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.	CORRECTA	34.299,00 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	36.000,00 €
MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	CORRECTA	36.323,00 €
SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	CORRECTA	37.139,61 €
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS, S.L.	CORRECTA	37.259,72 €
LÓPEZ Y LEIS, S.A.	CORRECTA	38.800,00 €
CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	CORRECTA	39.125,00 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	CORRECTA	39.606,34 €
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	CORRECTA	40.340,10 €
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	CORRECTA	40.637,17 €
MANTIDO, S.L.	CORRECTA	41.574,20 €
ALCOMTE GALICIA, S.L.	CORRECTA	44.519,98 €
CANARGA, S.L.	CORRECTA	44.545,45 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	CORRECTA	44.586,02 €
TARRIO Y SUÁREZ, S.L.	CORRECTA	46.193,55 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores: “Excavaciones Nima, S.L.”, “Vías y Servicios Generales, S.L.” e “Excavaciones Abelleira, S.L.”, deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 21/12/2018, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas ofertas.

As notificacións dos requirimentos da xustificación das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 17/01/2019.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación xustificativa das súas ofertas as tres empresas requiridas.

Con data 31/01/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo en Carballal”*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:

- Na documentación presentada por Vías y Servicios Generales, S.L. expoñen os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a*





maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.

- *A documentación presentada por Excavaciones Abelleira, S.L. e Excavaciones Nima, S.L., non se considera suficiente para xustificar a súa oferta.*

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Vías y Servicios Generales, S.L. e excluír ás empresas Excavaciones Abelleira, S.L. e Excavaciones Nima, S.L., do proceso de licitación”

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 05/02/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 07/02/2019, adoptou os seguintes acordos:

- *De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 31/01/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas:*

- c) *Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Vías y Servicios Generales, S.L.”*
- d) *EXCLUÍR da licitación ás empresas “Excavaciones Abelleira, S.L.” e “Excavaciones Nima, S.L.”, por non considerar suficiente a xustificación das súas ofertas económicas.*

- *De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo en Carballal”, do seguinte xeito:*

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	28.870,97 €
2	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	36.000,00 €
3	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	36.323,00 €
4	SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	37.139,61 €
5	CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS, S.L.	37.259,72 €
6	LÓPEZ Y LEIS, S.A.	38.800,00 €
7	CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	39.125,00 €
8	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	39.606,34 €
9	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	40.340,10 €
10	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	40.637,17 €
11	MANTIDO, S.L.	41.574,20 €
12	ALCOMTE GALICIA, S.L.	44.519,98 €
13	CANARGA, S.L.	44.545,45 €
14	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	44.586,02 €
15	TARRIO Y SUÁREZ, S.L.	46.193,55 €

- *De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa “Vías y Servicios Generales, S.L”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de





febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 12/02/2019.

A empresa “Vías y Servicios Generales, S.L” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 21/02/2019 co número 2469 e na data 22/02/2019 co número 2527. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 22/02/2019 xustificativa de constitución de fianza en metálico, por importe de 1.443,55 euros, en concepto de garantía do contrato.

Tendo coñecemento a Mesa de Contratación que consta no servizo de intervención deste concello nota aclaratoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria, recibida na data 14/02/2019, na que se comunica que “Vías y Servicios Generales, S.L” con NIF: B15555923, está incurso nun procedemento de embargo de créditos.

Tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 25/02/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 28/02/2019, adoptou os seguintes acordos:

- *Excluír da licitación á empresa clasificada en primeiro lugar “Vías y Servicios Generales, S.L”, por canto consta no servizo de intervención nota aclaratoria da Axencia Estatal de Administración Tributaria de data 14/02/2019, na que se comunica que “Vías y Servicios Generales, S.L” con NIF: B15555923, está incurso nun procedemento de embargo de créditos.*

- *Devolver a fianza en metálico depositada pola empresa “Vías y Servicios Generales, S.L”, na data 22/02/2019 por importe de 1.443,55 euros, como garantía da boa execución da obra.*

- *De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa “Construcciones Anspal, S.L”, que é a seguinte empresa clasificada, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.





O correspondente acordo da Xunta de Goberno Local foi notificado ó licitador requirido na data 04/03/2019.

A empresa “Construcciones Anspal, S.L” presentou a documentación requirida. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 12/03/2019 xustificativa de constitución de aval do Banco Santander como fianza do contrato, por importe de 1.800,00 euros.

Consta no expediente certificado de data 26/03/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “*que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Construcciones Anspal, S.L CIF B-15985187*”.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 20/03/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 26/03/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- Adxudicar o contrato para realizar as obras de “**Instalación de rede de saneamento con pozo de bombeo en Carballal (Palmeira)**” á empresa **Construcciones Anspal, S.L** (CIF B-15985187), nas seguintes condicións contractuais:

a) Prezo total do contrato: 43.560,00euros (base: 36.000,00 euros ; IVE 21%: 7.560,00 euros).

b) Prazo de execución: 3 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data agosto/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

5.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “INSTALACIÓN DE LIÑA DE PLUVIAIS EN ARRIBAS (ARTES)”.





Expediente :2018/C_OB000024

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“Instalación de liña de pluviais en Arribas (Artes)”**, cun orzamento total de licitación de 64.554,01 euros (orzamento base 53.350,42 euros; IVE 21%: 11.203,59 euros) e un prazo de execución de 2 meses.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xullo 2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 20/11/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.60922, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión do 29/11/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 29/11/2018.

O acto de apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/12/2018, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.	CORRECTA	32.980,00 €
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	33.102,50 €
VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	CORRECTA	33.877,52 €
MANTIDO, S.L.	CORRECTA	35.664,76 €
MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	CORRECTA	36.928,50 €
CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	CORRECTA	36.994,00 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	38.000,00 €
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	CORRECTA	39.377,94 €
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	CORRECTA	39.613,20 €
LÓPEZ Y LEIS, S.A.	CORRECTA	40.000,00 €
VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.	CORRECTA	41.741,37 €
ALCOMTE GALICIA, S.L.	CORRECTA	42.555,34 €
TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	CORRECTA	43.139,15 €
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS	CORRECTA	43.213,84 €
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	43.390,00 €
CETA CONTRATAS, S.L.	CORRECTA	44.254,36 €
EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.	CORRECTA	44.904,36 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	CORRECTA	44.926,39 €
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	CORRECTA	45.406,55 €
CANARGA, S.L.	CORRECTA	45.611,57 €
OBRA Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	CORRECTA	46.073,42 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	CORRECTA	49.306,44 €
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	CORRECTA	50.002,89 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores: “Excavaciones Nima, S.L.”, “Vías y Servicios Generales, S.L.”, “Excavaciones Abelleira, S.L.” e “Mantido, S.L.”, deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 21/12/2018, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas ofertas.





As notificacións dos requirimentos da xustificación das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 17/01/2019.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación xustificativa das súas ofertas as catro empresas requiridas.

Con data 31/01/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra "Instalación de liña de pluviais en Arribas"*, no que conclúe que:

"Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:

- Na documentación presentada por Excavaciones Abelleira, S.L. expoñen os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*
- A documentación presentada por Vías y Servicios Generales, S.L., por Mantido, S.L. e por Excavaciones Nima, S.L., non se considera suficiente para xustificar a súa oferta.*

E segundo o exposto propón "aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Excavaciones Abelleira, S.L. e excluír ás empresas Vías y Servicios Generales, S.L., Mantido, S.L. e Excavaciones Nima, S.L. do proceso de licitación"

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 05/02/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 07/02/2019, adoptou os seguintes acordos:

- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 31/01/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas:

- e) Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa "Excavaciones Abelleira, S.L."*
- f) EXCLUIR da licitación ás empresas "Vías y Servicios Generales, S.L.", "Mantido, S.L." e "Excavaciones Nima, S.L.", por non considerar suficiente a xustificación das súas ofertas económicas.*

- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de "Instalación de liña de pluviais en Arribas.", do seguinte xeito:

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.	32.980,00 €
2	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	36.928,50 €
3	CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	36.994,00 €
4	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	38.000,00 €
5	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	39.377,94 €
6	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	39.613,20 €
7	LÓPEZ Y LEIS, S.A.	40.000,00 €
8	VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.	41.741,37 €
9	ALCOMTE GALICIA, S.L.	42.555,34 €
10	TARRÍO Y SUÁREZ, S.L.	43.139,15 €
11	CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS	43.213,84 €





12	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	43.390,00 €
13	CETA CONTRATAS, S.L.	44.254,36 €
14	EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.	44.904,36 €
15	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	44.926,39 €
16	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	45.406,55 €
17	CANARGA, S.L.	45.611,57 €
18	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	46.073,42 €
19	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	49.306,44 €
20	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	50.002,89 €

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa “Excavaciones Abelleira, S.L”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 12/02/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa “Excavaciones Abelleira, S.L” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 21/02/2019 co número 2421. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 20/02/2019 (nº operación: 2019 33000732), xustificativa de constitución de aval de Abanca, por importe de 2.667,53 euros, en concepto de garantía do contrato.

Consta no expediente certificado de data 26/03/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Excavaciones Abelleira, S.L. CIF B-15841166”.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 25/02/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 27/03/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**





PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 07/02/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de “Instalación de liña de pluviais en Arribas (Artes)” á empresa Excavaciones Abelleira, S.L. (CIF B-15841166), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 39.905,80 euros (base: 32.980,00 euros ; IVE 21%: 6.925,80 euros).**

b) **Prazo de execución: 2 meses,** segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data xullo/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarse na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

6.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “PAVIMENTACIÓN DE UN TRAMO DE RÚA ROSALÍA DE CASTRO E RÚA LUGO (RIVEIRA)”.

Expediente :2018/C_OB000023

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“Pavimentación de un tramo de Rúa Rosalía de Castro e Rúa Lugo (Riveira)”**, cun orzamento total de licitación de 244.093,80 euros (orzamento base 201.730,41 euros; IVE 21%: 42.363,39 euros) e un prazo de execución de 3 meses.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data agosto 2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 19/11/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo) e tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61937, aprobáronse pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29/11/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 29/11/2018.

O acto de apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira celebrouse pola Mesa





de Contratación na súa reunión de data 21/12/2018, dando o resultado seguinte:

LICITADORES PRESENTADOS	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	CORRECTA	134.957,65 €
INNOVA PROFESIONAL DESARROLLOS, S.L.	CORRECTA	135.070,83 €
AUDECA, S.L.U.	CORRECTA	138.427,41 €
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	138.791,70 €
CANARGA, S.L.	CORRECTA	139.495,87 €
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	CORRECTA	140.302,54 €
ELECNOR, S.A.	CORRECTA	141.170,94 €
CETA CONTRATAS, S.L.	CORRECTA	141.246,79 €
SERGONSA SERVICIOS, S.L.	CORRECTA	142.750,00 €
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	CORRECTA	142.885,65 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	143.200,00 €
EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.	CORRECTA	143.789,79 €
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	CORRECTA	151.339,61 €
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	CORRECTA	158.963,57 €
TARRIO Y SUAREZ, S.L.	CORRECTA	159.992,39 €
LÓPEZ Y LEIS, S.A.	CORRECTA	160.000,00 €
MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	CORRECTA	163.128,88 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	CORRECTA	164.551,49 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	CORRECTA	164.632,19 €
CONSTRUCCIONES FERMÍN SIMAL, S.L.	CORRECTA	169.125,00 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	CORRECTA	169.877,18 €
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	CORRECTA	171.692,75 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores “Xestión Ambiental de Contratas, S.L.” e “Innova Profesional Desarrollos, S.L.”, deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 21/12/2018, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas ofertas.

As notificacións dos requirimentos da xustificación das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 17/01/2019.

Non consta que a empresa “Innova Profesional Desarrollos, S.L.” presentase documentación algunha na que xustifique a súa oferta considerada en principio como anormal ou temeraria.

Dentro do prazo concedido presentou documentación xustificativa da súa oferta a empresa “Xestión Ambiental de Contratas, S.L.” (que tivo entrada no rexistro xeral na data 24/01/2019 co número 1094).

Con data 01/02/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Pavimentación dun tramo de Rúa Rosalía de Castro e Rúa Lugo”*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considérase que:

Na documentación presentada por Xestión Ambiental de Contratas, S.L. expoñen os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada”.





E segundo o exposto propón “acceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L.”

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 05/02/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 07/02/2019, adoptou os seguintes acordos:

.- EXCLUÍR da licitación á empresa “Innova Profesional Desarrollos, S.L.”, por non presentar documentación algunha na que xustifique a súa oferta económica, considerada en principio como anormal ou temeraria.

- De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 01/02/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas, considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Xestión Ambiental de Contratas, S.L.”.

- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Pavimentación de un tramo de Rúa Rosalía de Castro e Rúa Lugo (Riveira)”, do seguinte xeito:

ORDE	LICITADORES PRESENTADOS	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	134.957,65 €
2	AUDECA, S.L.U.	138.427,41 €
3	EXCAVACIONES NIMA, S.L.	138.791,70 €
4	CANARGA, S.L.	139.495,87 €
5	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	140.302,54 €
6	ELECNOR, S.A.	141.170,94 €
7	CETA CONTRATAS, S.L.	141.246,79 €
8	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	142.750,00 €
9	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	142.885,65 €
10	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	143.200,00 €
11	EXCAVACIONES H. OTERO, S.L.	143.789,79 €
12	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	151.339,61 €
13	EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	158.963,57 €
14	TARRIO Y SUAREZ, S.L.	159.992,39 €
15	LÓPEZ Y LEIS, S.A.	160.000,00 €
16	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	163.128,88 €
17	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	164.551,49 €
18	OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	164.632,19 €
19	CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	169.125,00 €
20	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	169.877,18 €
21	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	171.692,75 €

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa “Xestión Ambiental de Contratas, S.L.”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.





De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 12/02/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa "Xestión Ambiental de Contratas, S.L." presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 18/02/2019 co número 2272. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 19/02/2019 (nº operación: 2019 33000725), xustificativa de constitución de aval de Generali, por importe de 6.747,89 euros, en concepto de garantía do contrato.

Consta no expediente certificado de data 26/03/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta "que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Xestión Ambiental de Contratas, S.L.CIF: B-36746584".

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 25/02/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 26/03/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 07/02/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de "Pavimentación de un tramo de Rúa Rosalía de Castro e Rúa Lugo (Riveira)" á empresa Xestión Ambiental de Contratas, S.L. (CIF B-36746584), nas seguintes condicións contractuais:**

a) Prezo total do contrato: 163.298,75 euros (base: 134.957,65 euros ; IVE 21%: 28.341,10 euros).

b) Prazo de execución: 3 meses, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data agosto/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.





QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

7.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “SANEAMENTOS NO LUGAR DE SIRVES (OLVEIRA)”.

Expediente :2018/C_ OB000022

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado **“Saneamentos no lugar de Sirves (Olveira)”**, cun orzamento total de licitación de 77.725,61 euros (orzamento base 64.236,04 euros; IVE 21%: 13.489,57 euros) e un prazo de execución de 2,5 meses.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data xuño 2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 19/11/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adxudicación (prezo mais baixo), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160.60921, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión do 29/11/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 30/11/2018.

O acto de apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 21/12/2018, dando o resultado seguinte:

LICITADORES	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.	CORRECTA	38.510,00 €
EXCAVACIONES NIMA, S.L.	CORRECTA	39.011,98 €
VÍAS Y SERVICIOS GENERALES, S.L.	CORRECTA	40.147,53 €
CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	CORRECTA	42.400,00 €
CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS	CORRECTA	43.121,65 €
EXCAVACIONES DARÍO, S.L.	CORRECTA	44.300,00 €
MANTIDO, S.L.	CORRECTA	44.772,52 €
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	CORRECTA	45.729,64 €
BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	CORRECTA	45.993,91 €
VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.	CORRECTA	46.526,17 €
CANARGA, S.L.	CORRECTA	46.942,15 €
NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	CORRECTA	47.136,40 €
CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	CORRECTA	47.500,00 €
MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	CORRECTA	49.025,10 €
SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	CORRECTA	49.782,94 €
MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	CORRECTA	49.820,00 €
OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	CORRECTA	53.720,60 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	CORRECTA	54.093,17 €
CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	CORRECTA	54.671,30 €
LÓPEZ Y LEIS, S.A.	CORRECTA	55.000,00 €
ALCOMTE GALICIA, S.L.	CORRECTA	56.518,84 €
TARRIO Y SUÁREZ, S.L.	CORRECTA	57.555,49 €
CETA CONTRATAS, S.L.	CORRECTA	57.745,95 €





Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que as ofertas presentadas polos licitadores: “Excavaciones Nima, S.L.”, “Vías y Servicios Generales, S.L.” e “Excavaciones Abelleira, S.L.”, deben ser consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 21/12/2018, acordou requirir ás citadas empresas para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificasen a súas ofertas.

As notificacións dos requirimentos da xustificación das ofertas consideradas, en principio, como anormais ou desproporcionadas, realizáronse na data 17/01/2019.

Non consta que a empresa “Vías y Servicios Generales, S.L.” presentase documentación algunha na que xustifique a súa oferta considerada en principio como anormal ou temeraria.

Dentro do prazo concedido presentaron documentación xustificativa das súas ofertas as seguintes empresas requiridas: “Excavaciones Abelleira, S.L.” e “Excavaciones Nima, S.L.”

Con data 31/01/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas ofertas presentadas na licitación da obra “Saneamentos no lugar de Sirves”*, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:

- Na documentación presentada por Excavaciones Abelleira, S.L. expoñen os motivos especialmente vantaxosos que os levaron a realizar a súa oferta, relacionando os prezos dos provedores, das unidades de obra, indicando tamén a maquinaria e medios auxiliares dos que dispoñen para executar a obra, así como o volume de obra xa contratada, polo que se estima debidamente xustificada a oferta presentada.*
- A documentación presentada por Excavaciones Nima, S.L. non se considera suficiente para xustificar a súa oferta.*

E segundo o exposto propón “aceptar a xustificación da baixa temeraria presentada pola empresa Excavaciones Abelleira, S.L. e excluír á empresa Excavaciones Nima, S.L., do proceso de licitación”

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos, vista a cláusula 16 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación e vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 05/02/2019, a Xunta de Goberno Local, na súa reunión da data 07/02/2019, adoptou os seguintes acordos:

- **EXCLUÍR da licitación a empresa “Vías y Servicios Generales, S.L.” por non presentar documentación algunha na que xustifique a súa oferta económica, considerada en principio como anormal ou temeraria.**

- **De acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 31/01/2019 e considerando a documentación aportada polas empresas ás que se lle requiriu que xustificasen as súas ofertas económicas:**

- g) Considerar xustificada a oferta económica presentada pola empresa “Excavaciones Abelleira, S.L.”**
- h) EXCLUÍR da licitación á empresa “Excavaciones Nima, S.L.”, por non considerar suficiente a xustificación das súa oferta económica.**

- **De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro,**





de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Saneamentos no lugar de Sirves”, do seguinte xeito:

ORDE	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	EXCAVACIONES ABELLEIRA, S.L.	38.510,00 €
2	CONSTRUCCIÓN FERMÍN SIMAL, S.L.	42.400,00 €
3	CANALIZACIONES Y CONSTRUCCIONES SALNÉS	43.121,65 €
4	EXCAVACIONES DARIÓ, S.L.	44.300,00 €
5	MANTIDO, S.L.	44.772,52 €
6	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	45.729,64 €
7	BCNOR GESTIÓN Y SOLUCIONES AVANZADAS, S.L.	45.993,91 €
8	VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U.	46.526,17 €
9	CANARGA, S.L.	46.942,15 €
10	NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.	47.136,40 €
11	CONSTRUCCIONES ANSPAL, S.L.	47.500,00 €
12	MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	49.025,10 €
13	SESTRAMA IBÉRICA, S.L.	49.782,94 €
14	MARQUÉS DE MARANCÁN, S.L.	49.820,00 €
15	OBRA Y SANEAMIENTOS DE GALICIA, S.L.	53.720,60 €
16	CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	54.093,17 €
17	CONSTRUCCIONES J. MAURI E HIJOS, S.L.	54.671,30 €
18	LÓPEZ Y LEIS, S.A.	55.000,00 €
19	ALCOMTE GALICIA, S.L.	56.518,84 €
20	TARRIO Y SUÁREZ, S.L.	57.555,49 €
21	CETA CONTRATAS, S.L.	57.745,95 €

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, requirir á empresa “Excavaciones Abelleira, S.L”, que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 12/02/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa “Excavaciones Abelleira, S.L” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 21/02/2019 co número 2424. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 20/02/2019 (nº operación: 2019 33000731), xustificativa de constitución de aval de Abanca, por importe de 3.211,81 euros, en concepto de garantía do contrato.





Consta no expediente certificado de data 26/03/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “*que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Excavaciones Abelleira, S.L. CIF B-15841166*”.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 25/02/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 26/03/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión da data 07/02/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de “Saneamentos no lugar de Sirves (Olveira)” á empresa Excavaciones Abelleira, S.L. (CIF B-15841166), nas seguintes condicións contractuais:**

a) **Prezo total do contrato: 46.597,10 euros (base: 38.510,00 euros ; IVE 21%: 8.087,10 euros).**

b) **Prazo de execución: 2,5 meses**, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data xuño/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

8.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DO PAVIMENTO E SERVIZOS NA RÚA CURROS ENRÍQUEZ E TRANSVERSAIS (RIVEIRA)”

Expediente :2018-C_OB000021

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto denominado “**Renovación do pavimento e servizos na rúa Curros Enríquez e transversais (Riveira)**”, cun orzamento total de licitación de 163.813,21 euros (orzamento base 135.382,82 euros; IVE





21%: 28.430,39 euros) e un prazo de execución de 5 meses.

O proxecto técnico, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data abril 2018, aprobouse por decreto da alcaldía de data 19/11/2018.

O expediente de contratación, por procedemento aberto simplificado con un único criterio de adjudicación (prezo mais baixo) e tramitación ordinaria, o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 453.61933, aprobáronse por decreto da alcaldía de data 22/11/2018.

A licitación anunciouse no Perfil de Contratante do Concello (na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia), na data 22/11/2018.

O acto de apertura dos arquivos en soporte dixital, presentados polos licitadores que a continuación se indican, cuxas ofertas foron rexistradas, dentro do prazo concedido a tal fin, na Plataforma de Licitación Electrónica do Concello de Riveira celebrouse pola Mesa de Contratación na súa reunión de data 14/12/2018, dando o resultado seguinte:

LICITADORES PRESENTADOS	DECLARACIÓN RESPONSABLE	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
Excavaciones Nima, S.L.	CORRECTA	94.130,71 €
López y Leis, S.A.	CORRECTA	104.000,00 €
Marqués de Marancán, S.L.	CORRECTA	99.657,39 €
Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	CORRECTA	100.001,50 €
Nemesio Ordóñez, S.A.	CORRECTA	108.942,54 €
Nexia Infraestructuras, S.L.U.	CORRECTA	97.800,55 €
Obras y Saneamientos de Galicia, S.L.	CORRECTA	126.880,78 €
Sergonsa Servicios, S.L.	CORRECTA	104.166,00 €
Tarrío y Suárez, S.L.	CORRECTA	134.313,29 €
Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	CORRECTA	120.057,48 €
Barnacle Obras y Servicios, S.L.	CORRECTA	106.058,90 €
BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.	CORRECTA	103.792,89 €
Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.	CORRECTA	114.682,79 €
Canarga, S.L.	CORRECTA	99.173,55 €
Construcciones Alea, S.L.	CORRECTA	114.899,40 €
Construcciones Anspal, S.L.	CORRECTA	108.000,00 €
Construccións Fermín Simal, S.L.	CORRECTA	99.800,00 €
Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	CORRECTA	116.767,68 €
Excavaciones Abelleira, S.L.	CORRECTA	85.125,00 €

Visto que, unha vez realizadas pola Mesa de Contratación as operacións correspondentes respecto das ofertas económicas dos licitadores presentados e admitidos á licitación, resulta que a oferta presentada polo licitador "Excavaciones Abelleira, S.L.", debe ser considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, a Mesa de Contratación, na mesma reunión da data 14/12/2018, acordou requirir á citada empresa para que no prazo máximo de 5 días hábiles xustificase a súa oferta.

A notificación do requirimento da xustificación da oferta considerada, en principio, como anormal ou desproporcionada, realizouse na data 07/01/2019

Dentro do prazo concedido presentou documentación xustificativa da súa oferta a empresa requirida (que tivo entrada no rexistro xeral na data 11/01/2019 co número 467).

Con data 15/01/2019 a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira emitiu *informe sobre a documentación presentada polas empresas para xustificar a temeridade das súas*





ofertas presentadas na licitación da obra “Renovación do pavimento e servizos na rúa Curros Enríquez e transversais”, no que conclúe que:

“Atendendo á documentación aportada polos ofertantes, considerase que:

A documentación presentada por Excavaciones Abelleira, S.L. non se considera suficiente para xustificar a súa oferta”

E segundo o exposto propón “excluír á empresa Excavaciones Abelleira, S.L. do proceso de licitación”

Á vista do citado informe, tendo en conta os antecedentes expostos e vista a cláusula 16 de Prego de cláusulas administrativas particulares reitor da contratación, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión da data 17/01/2019, adoptou os seguintes acordos.

- Excluír da licitación á empresa “Excavaciones Abelleira, S.L.” por non considerar xustificada a súa oferta económica, de acordo co informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 15/01/2019 e considerando a documentación aportada pola empresa como xustificación da súa oferta.

- De acordo co disposto no artigo 150, apartado 1, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións que resultaron admitidas á contratación das obras de “Renovación do pavimento e servizos na rúa Curros Enríquez e transversais (Riveira)”, do seguinte xeito:

Orde	LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (IVE excluído)
1	Excavaciones Nima, S.L.	94.130,71 €
2	Nexia Infraestructuras, S.L.U.	97.800,55 €
3	Canarga, S.L.	99.173,55 €
4	Marqués de Marancán, S.L.	99.657,39 €
5	Construccións Fermín Simal, S.L.	99.800,00 €
6	Movimiento de Áridos y Construcciones de Arosa, S.L.	100.001,50 €
7	BCNOR Gestión y Soluciones Avanzadas, S.L.	103.792,89 €
8	López y Leis, S.A.	104.000,00 €
9	Sergonsa Servicios, S.L.	104.166,00 €
10	Barnacle Obras y Servicios, S.L.	106.058,90 €
11	Construcciones Anspal, S.L.	108.000,00 €
12	Nemesio Ordóñez, S.A.	108.942,54 €
13	Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.	114.682,79 €
14	Construcciones Alea, S.L.	114.899,40 €
15	Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A.	116.767,68 €
16	Asfalgal Técnicas Viarias, S.L.	120.057,48 €
17	Obras y Saneamientos de Galicia, S.L.	126.880,78 €
18	Tarrío y Suárez, S.L.	134.313,29 €

- De conformidade co establecido no artigo 159, apartado 4.f.4º, da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, requirir á empresa “Excavaciones Nima, S.L.” que é a empresa licitadora que resultou clasificada en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de sete días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16.1 do prego de cláusulas administrativas particulares.

De conformidade co disposto no artigo 140.4 da Lei 9/2018, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de





febreiro de 2014, as circunstancias relativas a capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar as que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitar a mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O acordo da Xunta de Goberno Local de clasificación de ofertas foi notificado ó licitador requirido na data 28/01/2019.

Dentro do prazo concedido a empresa “Excavaciones Nima, S.L” presentou a documentación requirida, que tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 01/02/2019 co número 1454 e na data 04/02/2019 co número 1520. Entre a documentación presentada inclúese a carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 06/02/2019 (nº operación: 2019 33000625), xustificativa de constitución de aval de Abanca (R.E.A. 373280), por importe de 4.706,54 euros, en concepto de fianza do contrato.

Consta no expediente certificado de data 08/02/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “*que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Excavaciones Nima, S.L. CIF B-15405335*”.

Vista a proposta formulada pola Mesa de contratación na súa reunión de data 15/02/2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido polo interventor Pablo Bao Castro na data 26/03/2019.

Vistos os antecedentes citados, así como vistas as Disposicións Adicionais segunda e terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

A **XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS**:

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada pola Xunta de Goberno Local na data 17/01/2019, **adxudicar o contrato para realizar as obras de “Renovación do pavimento e servizos na rúa Curros Enríquez e transversais (Riveira)” á empresa Excavaciones Nima, S.L (CIF B-15405335), nas seguintes condicións contractuais**:

a) **Prezo total do contrato: 113.898,16 euros (base: 94.130,71 euros ; IVE 21%: 19.767,45 euros).**

b) **Prazo de execución: 5 meses**, segundo o establecido no proxecto técnico redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira de data abril/2018.

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, **requirir ó adxudicatario para formalizar o correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior





ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste decreto de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

QUINTO.- Esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores presentados e, simultaneamente, publicarase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

9.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE INSTALACIÓN DE REDE DE PLUVIAIS NO ENTORNO DO CRUCE DO VILAR.

Expediente: 2018/C_ME000021

Actualmente a estrada DP-7301 na zona de Frións non dispón de canalización para a recollida de augas pluviais, o que provoca que todas estas augas discorran superficialmente pola beiravía cara á rotonda do Vilar, desviándose polo ramal obxecto desta actuación e producindo frecuentes inundacións nas vivendas lindeiras. Para solucionar este problema é preciso recoller as augas superficiais da zona de Frións e canalizalas hasta a rotonda do Vilar, onde xa existe liña de pluviais.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data agosto/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 36.060,12 euros (orzamento base: 29.801,75 euros; IVE 21%: 6.258,37 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 29.801,75 euros).

O expediente de contratación como contrato menor, a memoria valorada e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160 60923, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 27/12/2018.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 26/11/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal José Alberto Iglesias Fungueiriño en data 09/10/2018, no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, sendo preceptiva a autorización da Deputación da Coruña, titular da vía.
- 3) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en data 24/11/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra é inferior a 500.000,00 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Documento contable “RC” expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 26/11/2018 (número de operación 2018 22023145), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 160.60923.





- 5) Notificación da resolución de data 12/12/2018 expedida polo Presidente da Deputación da Coruña Valentín González Formoso, de concesión de autorización para a execución das obras.
- 6) Proposta da alcaldía de aprobación do expediente como contrato menor, asinada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 21/12/2018.
- 7) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 21/12/2018, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 8) Certificado de data 14/02/2018, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta *"que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Construcciones Anspal, S.L. CIF B-15985187"*.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificarase que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.





Para a contratación das obras realizáronse invitacións a cinco empresas, a través da Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira. Dentro da data límite de presentación de ofertas (29/01/2019 as 13:00 horas) rexistráronse na citada plataforma as plicas dos seguintes licitadores:

Licitador	DNI/CIF	Rexistro Plataforma de Contratación Electrónica do Concello		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Construcciones Anspal, S.L.	B-15.985.187	26/01/2019	82	25.228,50 euros
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	B-15.879.794	29/01/2019	88	33.275,00 euros
Espacios arquitectónicos DMLAR, S.L.	B-70.141.304	29/01/2019	91	31.866,59 euros
Excavaciones Darío, S.L.	B-15.544.232	29/01/2019	93	32.430,12 euros

Non consta na Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira que Alberto Pérez Sampedro, invitado a esta licitación, presentase oferta algunha.

Consta no expediente certificado de data 14/02/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “*que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Construcciones Anspal, S.L. CIF B-15.985.187*”.

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 11/02/2019.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Instalación de rede de pluviais no entorno do cruce do Vilar** á empresa “**Construcciones Anspal, S.L.**” (CIF: B-15.985.187), no prezo total do contrato de **25.228,50 euros** (Base: 20.850,00 euros; IVE 21%: 4.378,50 euros), segundo a súa oferta rexistrada na Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira co número 82, na data 26/01/2019.

SEGUNDO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

TERCEIRO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

CUARTO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

10.- ADXUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DAS OBRAS DE “CONEXIÓN ENTRE RÚA CARQUEIXA E RÚA DAS ESCALEIRAS”.

Expediente: 2018/C_ME000025





Actualmente nin a Rúa Carqueixa nin a Rúa das Escaleiras teñen saída. A Rúa das Escaleiras é unha vía moi estreita con numerosos pasos pola que non poden circular vehículos. A Rúa Carqueixa é unha vía aglomerada e de maior anchura pero que termina en fondo de saco. O saneamento desta rúa conecta co da Rúa das Escaleiras a través de propiedades particulares. O Concello de Riveira adquiriu dúas fincas en Rúa das Escaleiras para poder conectar esta rúa coa Rúa Carqueixa e proporcionar así, ante una emerxencia, un acceso rodado aos vehículos.

A tal efecto a enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data agosto/2018, redactou a memoria valorada dos traballos a realizar, por un orzamento total de licitación de 22.302,64 euros (orzamento base: 18.431,93 euros; IVE 21%: 3.870,71 euros), cun prazo de execución das obras de 1,5 meses. (Valor estimado do contrato: 18.431,93 euros).

O expediente de contratación como contrato menor, a memoria valorada e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 160 60920, aprobáronse por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 27/12/2018.

Consta no expediente:

- 1) Proposta de contratación na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira, na data 26/11/2018, e conformada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas.
- 2) Informe técnico de viabilidade urbanística asinado polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño en data 05/10/2018 no que manifesta que a natureza das obras axústase as legalmente permitidas tanto polo planeamento municipal vixente, como pola lexislación urbanística e de protección do medio rural, non precisando autorización sectorial algunha.
- 3) Informe de supervisión de proxecto ao que se refire o artigo 235 da LCSP asinado pola enxeñeira municipal en data 24/11/2018, no que se indica que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que o presuposto base de licitación da obra é inferior a 500.000,00 euros, IVA excluído, e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 4) Documento contable "RC" expedido polo interventor municipal Pablo Bao Castro na data 26/11/2018 (número de operación 2018 22023144), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 453.61944.
- 5) Proposta da alcaldía de aprobación do expediente como contrato menor, asinada polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 21/12/2018.
- 6) Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 236 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 02/01/2019, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 7) Certificado de data 08/02/2018, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta "que de acordo coa información que





figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Marqués de Marancán, S.L. CIF B- 15405335”.

Tendo en conta que por tratarse dun contrato de obras cun valor estimado inferior a 40.000,00 euros, procede considerar este expediente como contrato menor, de acordo co sinalado no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o cal establece:

1. Consideraranse contratos menores os contratos de valor estimado inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos, sen prexuízo do disposto no artigo 229 en relación coas obras, servizos e subministracións centralizados no ámbito estatal.

Nos contratos menores a tramitación do expediente esixirá o informe do órgano de contratación motivando a necesidade do contrato. Así mesmo requirirase a aprobación do gasto e a incorporación ó mesmo da factura correspondente, que deberá reunir os requisitos que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan.

2. No contrato menor de obras, deberá engadirse, ademais, o orzamento das obras, sen prexuízo de que deba existir o correspondente proxecto cando normas específicas así o requiran. Deberá igualmente solicitarse o informe das oficinas ou unidades de supervisión a que se refire o artigo 235 cando o traballo afecte á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.

3. No expediente xustificarse que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación, e que o contratista non subscribiu mais contratos menores que individual ou conxuntamente superen a cifra que consta no apartado primeiro deste artigo. O órgano de contratación comprobará o cumprimento de dita regra. Quedan excluídos os supostos encadrados no artigo 168.a.2º.

4. Os contratos menores publicaranse na forma prevista no artigo 63.4.

Tendo en conta que este expediente, como contrato menor, non está sometido a intervención previa de gastos, conforme establece o artigo 219 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e que deberá ser, polo tanto, obxecto dunha fiscalización plena posterior, co fin de verificar que se axusta ás disposicións aplicables en cada caso e determinar o grao de cumprimento da legalidade na xestión dos créditos, efectuándose a dita comprobación sobre unha mostra representativa das mesmas, seleccionadas mediante a aplicación de técnicas de mostraxe ou auditoría.

Para a contratación das obras realizáronse invitacións a cinco empresas, a través da Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira. Dentro da data límite de presentación de ofertas (29/01/2019 as 13:00 horas) rexistráronse na citada plataforma as plicas dos seguintes licitadores:

Licitador	DNI/CIF	Registro Plataforma de Contratación Electrónica do Concello		Prezo total (incluído IVE 21%)
		Data	Número	
Tarrío y Suárez, S.L.	B-15.090.061	28/01/2019	85	21.254,27 euros
Espacios arquitectónicos DMLAR, S.L.	B-70.141.304	29/01/2019	89	21.294,24 euros
Construcciones Jenaro Cadaval, S.L.	B-15.879.794	29/01/2019	90	21.780,00 euros
Marqués de Marancán, S.L.	B-15.711.328	29/01/2019	92	18.741,71 euros





Non consta na Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira que a empresa Excavaciones Darío, S.L., invitada a esta licitación, presentase oferta algunha.

Consta no expediente certificado de data 08/02/2019, emitido polo secretario xeral do Concello Juan Manuel Salguero del Valle, no que se manifesta “*que de acordo coa información que figura na Tesourería Municipal non constan débedas pendentes líquidas e esixibles a nome de Marqués de Marancán, S.L. CIF B-15.711.328*”.

Vista a proposta de contratación, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 01/02/2019.

Vistos os artigos 117, 118, 131.3, e 231 da LCSP, así como o artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Vistas as disposicións adicionais segunda e terceira da LCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015, adopta os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Adxudicar o contrato menor para a realización das obras de **Conexión entre Rúa Carqueixa e Rúa das Escaleiras** á empresa **“Marqués de Marancán, S.L.”** (CIF: B-15.711.328), no prezo total do contrato de **18.741,71 euros** (Base: 15.489,02 euros; IVE 21%: 3.252,69 euros), segundo a súa oferta rexistrada na Plataforma de Contratación Electrónica do Concello de Riveira co número 92, na data 29/01/2019.

SEGUNDO.- Designar como Directora das obras á enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira.

TERCEIRO.- Esta adxudicación notificarase a todos os licitadores presentados.

CUARTO.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.

Non se presenta ningún decreto para a súa dación de conta.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – AARÓN DOS SANTOS DOS SANTOS.

Visto o escrito presentado por **Aarón dos Santos dos Santos**, de data 26/03/2019 (Rexistro de entrada nº 4.171), no que solicita autorización para a instalación dous postos de air game e grúa de peluches (2 m. + 2 m.), o día 13/04/2019 (Festa da Xuventude 2019), na Avenida do Malecón (Riveira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**





- a) **Autorizar** a **Aarón dos Santos dos Santos** para a instalación dous postos de air game e grúa de peluches (2 m. + 2 m.), o día 13/04/2019 (Festa da Xuventude 2019), na Avenida do Malecón (Riveira).
- b) Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais.
- c) Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- d) Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Vistos os escritos presentados por **Francisco Javier Blanco Piñeiro**, de datas 18/02/2019 e 08/03/2019 (Rexistros de entrada nº 2.278 e 3.277), nos que solicita licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta, no lugar de Axeitos, Bretal, Oleiros, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A041009520001LM e 15074A041009520000KX.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital de data 11 de marzo de 2019 e visto o informe técnico favorable emitido pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 14 de marzo de 2019, e visto informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/03/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. Francisco Javier Blanco Piñeiro **LICENZA DE OBRAS (Nº 12/19)** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** no lugar de Axeitos, Bretal, Oleiros, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A041009520001LM - 15074A041009520000KX, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia o día 21 de febreiro de 2019 e Plano de situación e emprazamento de marzo de 2019 redactados pola Sra. Mª José Bouzas Louzao, (arquitecta col. nº 1.223) e Sra. Mª Mar Jorge Paino, (arquitecta col. nº 1.526):

- Deberá realizar a **previa cesión de 50,67 m² a dominio e uso público** da zona afectada por aliñeacións para a apertura ou regularización do viario preciso establecido polo planeamento, e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de





rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal unha fianza de 165,53 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá solicitar a preceptiva licenza municipal de primeira ocupación debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóveis (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*





- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participaráse a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

QUINTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.





OITAVO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

NOVENO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

2.- Visto o escrito presentado por **CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL COROSO, (C.I.F.P. COROSO)**, de data 26/02/2019 (Rexistro de entrada nº 2.620), no que achega Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 18 de xaneiro de 2019 redactado polo Sr. Amancio Losada Vicente, (arquitecto col. nº 1.463), así como Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde, para engadir a expediente de licenza de obras nº 53/18.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente, ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño con sinatura dixital o día 27 de febreiro 2019, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 05/03/2019, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 53/18 concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada o día 20 de decembro de 2018 CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL COROSO, (C.I.F.P. COROSO), consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos o día 18 de xaneiro de 2019 redactado polo Sr. Amancio Losada Vicente, (arquitecto col. nº 1.463), así como Oficio de





Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde sen visado colexial.

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde**, co preceptivo visado colexial.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **Antonio Oliveira Romay**, de data 07/12/2018 (Rexistro de entrada nº 17.424), no que solicita certificación de non existencia de expediente de reposición de legalidade urbanística sobre edificación situada en Rúa do Serriño, 5, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 888805MH9088N0001QW.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 25/03/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa do Serriño nº 5, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 888805MH9088N0001QW.

2.- Visto o escrito presentado por **Josefa Rey Sampedro**, de data 07/12/2018 (Rexistro de entrada nº 17.424), no que solicita certificación de non existencia de expediente de reposición de legalidade urbanística sobre edificación situada en Rúa da Praia da Ribeira, 13, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 9286521MH9098N.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/03/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á edificación sita na Rúa Praia Ribeira nº 13 en Aguiño en parcela con refª catastral nº 9286521MH9098N.





3.- Visto o escrito presentado por **Nuria González Dios**, de data 07/12/2018 (Rexistro de entrada nº 17.424), no que solicita certificación de non existencia de expediente de infracción urbanística sobre edificación situada en Rúa da Fonte, nº 6 - baixo A, Corrubedo, Riveira en parcela con refª catastral nº 4339029MH9143N0010QR.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/03/2019, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración infórmase que non consta pendente de resolver ningún expediente de disciplina urbanística que afecte ao Piso Baixo - A, sito na Rúa da Fonte nº 6, Corrubedo, Riveira en parcela con refª catastral nº 4339029MH9143N0010QR.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PARA VIVENDA UNIFAMILIAR E SOLICITUDE DE DEVOLUCIÓN DE FIANZA - JOSÉ SERÁNS SAMPEDRO.

LICENZA DE OBRA Nº 27/17: Concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 8 de xuño de 2017.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta.

IMPORTE DA FIANZA DEPOSITADA: 805,03 €.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-B Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

REFª CATASTRAL: 15074A007001450000KG.

SITUACIÓN: Lugar de Saiñas s/n, Riveira.

PROMOTOR/A: Sr. José Seráns Sampedro.

AUTOR/A PROXECTO: J. Luis Bande Mariño.

PROXECTO: Proxecto Básico de xaneiro de 2017 / Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 16 de outubro de 2017 / Escritura de Propiedade.

OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra e Oficio de Execución Material ambos sen visar.

DOCUMENTACIÓN FIN DE OBRA: Certificación Final de Obra con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 10 de setembro de 2018 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto J. Luis Bande Mariño e polo arquitecto técnico Antonio Lijó Otero / Liquidación Final de Obra Executada / Acta de Recepción de Edificio Terminado asinada o día 1 de agosto de 2018 / Xustificante do Catastro de Alta no IBI / Contrato de suministro de Instalacións Electricas / Contrato do servizo de abastecemento de augas coa empresa concesionaria (VIAQUA).

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO.- Polo Sr. José Seráns Sampedro, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada os días 15 de febreiro, 4 e 11 de maio de 2017, (Rexistro de entrada nº 2.508, 7.238, 7.680 respectivamente), licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar de planta





baixa e baixocuberta, no lugar de de Saíñas s/n, Riveira en parcela con refª catastral nº 15074A007001450000KG, achegándose Proxecto Básico de xaneiro de 2017 redactado polo arquitecto José Luis Bande Mariño, Escritura de Propiedade así como Oficio de Dirección de Obra e Oficio de Execución Material ambos sen visar.

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 8 de xuño de 2017 acordou por unanimidade:

“
(...)

CONCEDER ao Sr. José Serans Sampedro **LICENZA DE OBRAS** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** no lugar se Saíñas s/n, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A007001450000KG, nos termos do Proxecto Básico de xaneiro de 2017 redactado polo arquitecto José Luis Bande Mariño:

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá realizar a **previa cesión a dominio e uso público** da zona afectada por aliñacións, (segundo o Arquitecto Técnico Municipal superficie de parcela de cesión nas franxas sitas ao longo dos viais, **refléxase unha superficie de cesión en total de 65,06 m²**), e completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, deberá depositar nas Arcas Municipais segundo informe da Enxeñeira Municipal **unha fianza de 805,03 € en metálico ou mediante aval bancario no momento de retirar a licenza.***

(...)
“

TERCEIRO.- Consta asinado contrato de cesión o día 14 de xuño de 2017 polo Sr. José Seráns Sampedro polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Riveira a superficie de terreode 65,06 m² para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Municipal.

CUARTO.- Posteriormente polo Sr. José Seráns Sampedro en escritos rexistrados de entrada os días 19 e 23 de outubro de 2018, 27 de febreiro de 2019, (Rexistro de entrada nº 15.099, 15.302, 2.715), solicitábase a **devolución da fianza** de 805,03 € depositada no seu día como garantía da obriga de completar pola súa conta a urbanización, así como a **licenza de primeira ocupación** para vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta, construída ao amparo da licenza de obra nº 27/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 8 de xuño de 2017, sita no lugar de Saíñas s/n, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A007001450000KG, achegándose **Certificación Final de Obra con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 10 de setembro de 2018 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto J. Luis Bande Mariño e polo arquitecto técnico Antonio Lijó Otero, Liquidación Final de Obra Executada, Acta de Recepción de Edificio Terminado asinada o día 1 de agosto de 2018, Xustificante do Catastro de Alta no IBI, Contrato de suministro de Instalacións Eléctricas, Contrato do servizo de abastecemento de augas coa empresa concesionaria (VIAQUA).**





QUINTO.- A Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira emite informe técnico favorable o día 21 de marzo de 2019 en relación a solicitude de devolución do aval xa que sinala que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente.

SEXTO.- No caso que nos ocupa o arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos tras xirar a pertinente visita de comprobación emite informe técnico favorable en relación a licenza de primeira ocupación o día 5 de marzo de 2019 facendo constar que a vivenda construída cumpre as condicións de habitabilidade, seguridade e salubridade, axustándose á licenza de edificación concedida anteriormente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-B RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA.**

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgáranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

TERCEIRO.- A licenza de primeira ocupación ten como obxecto principal comprobar si o realizado se axusta á licenza de edificación concedida anteriormente.

O artigo 143.4 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, dispón que para outorgar a licenza de primeira ocupación de edificacións, logo da visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, esixírase certificado final de obra de técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, nos termos e condicións que se determinen regulamentariamente.

CUARTO.- Artigos 349 a 358 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Así o artigo 355.3 do Regulamento establece que as solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán ir acompañadas dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional





cando así o exixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Xuntarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, se é o caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da axeitada execución das acometidas das redes de subministración.

De conformidade co artigo 357.3 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, as resolucións sobre denegación de licenzas urbanísticas, deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do plan que se incumplan.

Poderán outorgarse licenzas de primeira ocupación parciais nos termos previstos no artigo 358.2 deste regulamento.

QUINTO.- A licenza de primeira ocupación regúlase nos artigos 42, 43, 44 da Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia establecen o seguinte:

Artigo 42. A licenza de primeira ocupación

1. Unha vez concluídas as obras de construción dos edificios ou vivendas, o promotor solicitará a licenza de primeira ocupación no concello no que radique o inmovible, e acompañará a súa solicitude a certificación final de obra e demais documentación que, no seu caso, exixa o concello competente.

2. Sin perxuício do que establezca a regulamentación urbanística, poderán otorgarse licenzas de primeira ocupación parciais, por edificios ou portais completos, cando a parte da obra obxecto da licenza cumpla os seguintes requisitos:

– Que teña consideración de obra completa e cumpla todas as esixencias e toda a normativa técnica aplicable.

– Que sexa susceptible de utilización independente.

– Que, no seu caso, a urbanización interior e exterior da parcela directamente vinculada á edificación para a que se solicita a licenza se encontre totalmente finalizada e se garantice o cumprimento das obrigas urbanísticas da parcela que serviu de base para a obtención da licenza de obra.

3. A Administración, previa visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, deberá resolver a solicitude e notificársela á persoa interesada no prazo máximo de dous meses, a contar dende a data na que a solicitude tivo entrada no rexistro xeral do concello.

Artigo 43. Servizos

1. A licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión do abastecemento de auga potable, saneamento, electricidade, gas, telecomunicacións e outros servizos comunitarios.

2. A Administración municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do suministro contratado sin a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

Artigo 44. Declaración de obra nova

As notarias e os notarios e as rexistradoras e os rexistradores da propiedade exixirán, para autorizar ou inscribir, respectivamente, escrituras de declaración de obra nova finalizada que acredite o otorgamento da licenza urbanística, a expedición da certificación final de obra e o otorgamento da licenza de primeira ocupación. Para autorizar escrituras de declaración de obra nova en construción, as notarias e os notarios exixirán, para o seu testimonio, a aportación do acto de conformidade, aprobación o autorización administrativa que requiera a obra segundo a lexislación de ordenación territorial e urbanística, así como a





certificación expedida polo técnico competente acreditativa de que a obra se axusta ao proxecto que foi obxecto de dito acto administrativo.

SEXTO.- A licenza de primeira ocupación como todas as licenzas urbanísticas, o seu otorgamento é estritamente reglado e constitúe a declaración que leva a cabo o Concello de que concorren todas as circunstancias citadas, dando lugar a que se poida ocupar e empezar a usar o edificio conforme ao destino previsto.

O alcance e efectos da actividade de control que se leva a cabo mediante a licenza de ocupación, foron aspectos resoltos pola xurisprudencia, conforme á cal «o contido de tal actividade de intervención (necesidade de motivación, congruencia cos medios e fins, proporcionalidade, etc.) vén descrita na norma contida no apartado d) do artigo 21 do Regulamento de Servizos (en sentido análogo, o disposto no artigo 41 do Regulamento de Xestión Urbanística), isto é, si o edificio (neste suposto vivenda unifamiliar) pode destinarse a determinados usos por estar situado en zona apropiada e reunir condicións técnicas de seguridade, salubridade (...).

En definitiva, ten por obxecto confrontar a obra realizada co proxecto que serve de soporte á licenza de obras no seu día outorgada, e tamén si cumpríronse as condicións lícitas, no seu caso establecidas en devandita licenza, xa que si existe adecuación, o Concello non pode denegar a licenza de primeira ocupación, dado que separadamente de atoparnos ante un suposto de actividade regulada, a licenza de primeira utilización é expresión técnica da necesaria comprobación de si o edificio ou instalación acomódase ás previsións contidas no proxecto e instrumentos complementarios que no seu día serviron de soporte ao acto base de concesión da licenza de obra ou edificación» (STS de 26 de xaneiro de 1987 e de 25 novembro de 1997, que recollen a doutrina do TS).

A licenza de primeira ocupación ten como finalidade a comprobación de que a obra executada se axusta ao proxecto que serviu de base para a concesión da licenza de obra, así como verificar as condicións de habitabilidade, salubridade e seguridade do edificio, e o cumprimento no seu caso dos deberes de urbanización simultáneos, ***sin entrar de novo a verificar o cumprimento da lexislación urbanística, xa que en ningún caso poderase basear a denegación da licenza de ocupación en que a previa licenza de obras non é axustada a dereito***, xa que esta deberá ser revisada, si a iso houber lugar, a través do procedemento legal establecido, e de ningún modo utilizando como instrumento a denegación da licenza de primeira ocupación xa que a mesma non ten carácter revisor, STS de 14 de decembro de 1998 e de 10 de marzo de 1999.

Como sinala a STS de 14 de decembro de 1998, a Xurisprudencia destacou a relación que existe entre a licenza de primeira ocupación e a licenza de obras, de tal modo que nin pode a Administración aproveitar aquela para a revisión desta, impoñendo condicións ou limitacións non esixidas ao concederse a licenza de obras, nin o administrado apartarse na execución da construción dos términos en que a licenza de obra foi concedida para defender, cando a licenza de primeira ocupación fose denegada por esa desviación, que a construción realizada tamén se adecuaba ó planeamento, posto que a xurisprudencia recoñece a posibilidade de que con ocasión da licenza de primeira utilización compróbase si as obras efectuadas axústanse á licenza de obras concedida (STS de 8 de maio de 2002 e as que nela se citan).

Por iso é polo que se destaque o carácter en certo xeito independente de ambas licenzas, posto que en verdade refírense a cuestións e a momentos distintos. Como declarou a xurisprudencia, xa que logo, do mesmo xeito que as circunstancias urbanísticas que deberon ser obxecto de licenza de obras non poden revisarse ao examinar unha petición de licenza de primeira ocupación, tampouco cabo denegar esta cando pese a haberse erixido unha edificación sen licenza e en contra do planeamento, caducou o prazo concedido á Administración para o exercicio da súa potestade de restablecemento da legalidade





urbanística e o uso pretendido atópase entre os autorizados na zona. Iso non implica, con todo, a legalización da obra executada, senón o mantemento do uso que de feito estivo levándose a cabo nela desde a súa construción.

SEXTO.- O Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.

SÉTIMO.- O artigo 10 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica.

OITAVO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

NOVENO.- O Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

DÉCIMO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao ser o órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital favorable o día 5 de marzo de 2019 en relación á licenza de primeira ocupación, facendo constar que o construído se axusta á licenza de edificación concedida, visto o informe técnico emitido pola Enxeñeira Municipal Uxía Landeira Pereira con sinatura dixital favorable o día 21 de marzo de 2019 en relación á devolución do aval depositado, facendo constar que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico co proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/03/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER ao Sr. José Serans Sampedro **LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN** para vivenda unifamiliar de planta baixa e baixocuberta sita no lugar de Saíñas s/n, Riveira, en parcela con refª catastral nº 15074A007001450000KG, construída ao amparo da licenza de obra nº 27/17 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada na data 8 de xuño de 2017, de acordo coas determinacións da **Certificación Final de Obra con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 10 de setembro de 2018 e con dilixencia favorable do Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación, asinados polo arquitecto J. Luis Bande Mariño e polo arquitecto técnico Antonio Lijó Otero, Liquidación Final de Obra Executada, Acta de Recepción de Edificio Terminado asinada o día 1 de agosto de 2018, Xustificante do Catastro de Alta no IBI, Contrato do servizo de suministro Eléctricos, Contrato do servizo de abastecemento de augas coa empresa concesionaria (VIAQUA).**

SEGUNDO.- PROCEDER Á DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA POR IMPORTE DE 805,03 €, xa que as obras de urbanización especificadas na licenza de obra executáronse correctamente.

TERCEIRO.- Os interesados deberán actualizar os datos catastrais a efectos do actualización do Imposto sobre Bens Inmóbiles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:





- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SOLICITUDE DE LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS - M^a DOLORES VIDAL NÚÑEZ.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.3-A Residencial Extensiva Unifamiliar Illada.

SITUACIÓN: Lugar de Mondelo, Palmeira, Riveira.

REF^a CATASTRAL: 15074A035004310000KY.

FINCA MATRIZ: Finca con ref^a catastral nº 15074A035004310000KY, que de acordo coa documentación catastral conta cunha superficie de 1.174,00 m², de acordo co levantamento taquimétrico segundo medición realizada e contemplada no Proxecto a superficie da finca é de 1.1168,00 m² que linda: Norte vía pública; Sur finca con ref^a catastral nº 15074A035004230000KU; Este finca con ref^a catastral nº 002403500NH01E0001EK e finca con ref^a catastral nº 15074A035018460000KB; Oeste finca con ref^a catastral nº 15074A035004300000KB.

FINCAS RESULTANTES TRAS A SEGREGACIÓN:

FINCA A cunha superficie bruta de 605,74 m², unha superficie de cesión de 69,92 m² resultando unha unha superficie neta de 535,83 m², que linda: Norte vía pública; Sur finca con ref^a catastral nº 15074A035004230000KU; Este finca B resultante da segregación; Oeste finca con ref^a catastral nº 15074A035004300000KB.

FINCA B cunha superficie bruta de 562,74 m², unha superficie de cesión de 26,91 m² resultando unha unha superficie neta de 535,82 m², que linda: Norte vía pública; Sur finca con ref^a catastral nº 15074A035018460000KB; Este 002403500NH01E0001EK; Oeste finca A resultante da segregación.

SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS: Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto técnico comprende unha superficie total de cesión de 96,83 m², resultando na franxa da Parcela resultante A unha superficie de cesión de 69,92 m², e no lindeiro da Parcela resultante B unha superficie de cesión de 26,91 m².

PROMOTOR/A: Sra. M^a Dolores Vidal Núñez, (DNI 33.220.590-B).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. Lucas López Porto, (arquitecto col. nº 4.333).

PROXECTO: Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de marzo de 2018 / Escritura de Propiedade.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

XGL-28/03/2019 – Páxina 60 de 75





PRIMEIRO.- Pola Sra. M^a Dolores Vidal Núñez, (DNI 33.220.590-B), solicitábase, en escrito rexistrado de entrada na data 13 de marzo de 2018, (Rexistro de entrada nº 3.503), licenza de segregación de finca, con ref^a catastral nº 15074A035004310000KY, sita no lugar de Mondelo, Palmeira, Riveira, achegándose Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de marzo de 2018 redactado polo Sr. Lucas López Porto, (arquitecto col. nº 4.333), así como Escritura de Propiedade.

SEGUNDO.- O arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos emite informe técnico con sinatura dixital favorable o día 26 de marzo de 2018, sinalando que en cada unha das novas fincas resultantes se cumpren as condicións de parcela e frente mínimos, así como ás determinacións e parámetros urbanísticos da LSG e do Planeamento Municipal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

PRIMEIRO.- A parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO ORDENANZA 6.3-A RESIDENCIAL EXTENSIVA UNIFAMILIAR ILLADA**, *“comprendendo esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto coas direccións de carretera e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.”*.

SEGUNDO.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de marzo de 2018 redactado polo Sr. Lucas López Porto, (arquitecto col. nº 4.333), así como Escritura de Propiedade.

Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

TERCEIRO.- O artigo 148 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia dispón que considerárase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación.

CUARTO.- O artigo 149 da LSG establece que no solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de





parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente.

QUINTO.- O artigo 150 da LSG establece que non se poderán efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exixible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibido en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas.

Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituir un novo.

Serán indivisibles as parcelas edificables conforme una relación determinada entre superficie de solo e superficie construíble, cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no apartado anterior.

En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións desta lei.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento.

Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

- a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación.
- b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas.
- c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe.

Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade. artigo

SEXTO.- Establece o artigo 357 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

1. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello (artigo 143.2 da LSG).

Ese prazo suspenderase de conformidade co disposto no artigo 354.2 así como nos casos previstos na lexislación sobre procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos vixentes no momento da súa concesión.

3. As resolucións sobre o outorgamento ou denegación de licenzas urbanísticas deben ser motivadas e congruentes co solicitado, con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

4. A resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- a) Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- b) Finalidade da actuación e uso a que se destinará.
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.





- d) Orzamento de execución material.
- e) Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito.
- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquera outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

5. Concedida a licenza, selaranse e dilixenciaranse os distintos documentos e todos os planos que integran o proxecto técnico para a debida constancia do contido daquela.

6. Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SÉTIMO.- Establece o artigo 366 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro respecto as parcelacións urbanísticas:

Considerarase parcelación urbanística a división de terreos en dous ou máis lotes a fin da súa edificación (artigo 148 da LSG).

Para estes efectos, son parcelacións urbanísticas todas as divisións ou segregacións de terreos cando, con independencia da clase de solo no que se pretendan realizar, teñan como obxectivo levar a cabo ou facilitar os actos de utilización propios do solo urbano e a implantación de obras propias deste solo, por razón das características físicas dos terreos afectados, da súa delimitación por viais existentes ou de nova creación, da implantación de servizos urbanísticos ou das características das obras descritas na operación de división.

Artigo 367. División e segregación de predios en solo rústico

No solo rústico non se poderán realizar segregacións, agás no suposto de execución de infraestruturas e dotacións e no caso de parcelas vinculadas a instalacións ou explotacións que fosen declaradas de utilidade pública e beneficiarias de expedientes de expropiación.

No obstante, permítense segregacións coa finalidade de reorganizar a propiedade, sempre e cando non resulte un maior número de parcelas respecto do orixinariamente existente (artigo 149 da LSG).

OITAVO.- O artigo 368, define o réxime de parcelacións e divisións de terreos:

1. Non se poderá efectuar ningunha parcelación urbanística sen que previamente fose aprobado o planeamento urbanístico exigible segundo a clase de solo de que se trate e o instrumento de xestión correspondente. Queda prohibida en solo rústico a realización de parcelacións urbanísticas (artigo 150.1 da LSG).

2. Non se poderá realizar ningunha parcelación que dea lugar a lotes de superficie ou dimensións inferiores ás determinadas como mínimas no planeamento, agás que os ditos lotes sexan adquiridos simultaneamente polos propietarios de terreos lindeiros co fin de agrupalos cos seus predios para constituír un novo (artigo 150.2 da LSG).

3. Serán indivisibles as parcelas edificables conforme unha relación determinada entre superficie do solo e superficie construíble cando se edifique a correspondente a toda a superficie do solo, ou, no suposto de que se edifique a correspondente só a unha parte dela, a restante, se é inferior á parcela mínima, coas excepcións indicadas no punto anterior (artigo 150.3 da LSG).





4. En ningún caso se considerarán soares, nin se permitirá edificar neles, os lotes resultantes dunha parcelación efectuada con infracción das disposicións da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e deste regulamento (artigo 150.4 da LSG).

5. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos comportará a obriga da cesión dos terreos situados fóra das aliñacións establecidas polo planeamento (artigo 150.5 da LSG).

O previsto neste punto debe entenderse consonte o previsto nos artigos 30 e 36 deste regulamento para o solo urbano e o solo de núcleo rural, respectivamente.

6. Toda parcelación urbanística, segregación ou división de terreos quedará suxeita a licenza municipal, agás que o concello declare a súa innecesariedade. Será innecesario o outorgamento de licenza cando a división ou segregación sexa consecuencia de:

a) A aprobación dun proxecto de compensación, reparcelación ou expropiación (artigo 150.6.a) da LSG).

b) A execución de infraestruturas e dotacións públicas (artigo 150.6.b) da LSG).

c) O outorgamento polo planeamento de distinta clasificación ou cualificación da parcela de orixe (artigo 150.6.c) da LSG).

7. Os notarios e rexistradores da propiedade exixirán para autorizar e inscribir, respectivamente, escrituras de división de terreos resolución administrativa na que se acredite o outorgamento da licenza municipal ou declaración da súa innecesariedade (artigo 150.7 da LSG).

8. Polo que se refire aos complexos inmobiliarios ou á construción de predios en réxime de propiedade horizontal aplicárase o disposto na lexislación estatal vixente.

NOVENO.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

DÉCIMO.- Establece o artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido dila Lei do Solo e Rehabilitación Urbana a obriga de inscrición de determinados actos administrativos no Rexistro da Propiedade.

DÉCIMO PRIMEIRO.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

Polo anteriormente exposto, da documentación obrante no expediente e visto o informe técnicoemitido polo arquitecto técnico municipal Jesús García Ramos con sinatura dixital favorable o día 26 de marzo de 2018, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 22/03/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- CONCEDER á Sra. M^a Dolores Vidal Núñez a **LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA** (N^o 1/19) con ref^a catastral n^o 15074A035004310000KY sita no lugar de Mondelo, Palmeira, Riveira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación de Parcelas de marzo de 2018 redactado polo Sr. Lucas López Porto, (arquitecto col. n^o 4.333), resultando finalmente dous parcelas de modo que:

- **FINCA A** cunha superficie bruta de 605,74 m², unha superficie de cesión de 69,92 m² resultando unha unha superficie neta de 535,83 m², que linda: Norte vía pública; Sur finca con ref^a catastral n^o 15074A035004230000KU; Este finca B





resultante da segregación; Oeste finca con refª catastral nº 15074A035004300000KB.

- **FINCA B** cunha superficie bruta de 562,74 m², unha superficie de cesión de 26,91 m² resultando unha unha superficie neta de 535,82 m², que linda: Norte vía pública; Sur finca con refª catastral nº 15074A035018460000KB; Este 002403500NH01E0001EK; Oeste finca A resultante da segregación.
- **SUPERFICIE DE CESIÓN A VIAIS:** Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto técnico comprende unha superficie total de cesión de 96,83 m², resultando na franxa da Parcela resultante A unha superficie de cesión de 69,92 m², e no lindeiro da Parcela resultante B unha superficie de cesión de 26,91 m².

SEGUNDO.- En atención ao artigo 65 do Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **deberá FORMALIZARSE EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN.**

Deberá ceder a dominio e uso público os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñeacións establecidas polo planeamento, que segundo o arquitecto técnico comprende unha superficie total de cesión de 96,83 m², resultando na franxa da Parcela resultante A unha superficie de cesión de 69,92 m², e no lindeiro da Parcela resultante B unha superficie de cesión de 26,91 m².

Asimesmo deberá completar a dotación de servicios mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa futura construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente.

TERCEIRO.- O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*





XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

1.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a ANDREA RODRÍGUEZ IGLESIAS POR DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 8321JKN OCASIONADOS POR MOR DUN COLECTOR DO LIXO QUE BATEU CONTRA O MESMO. Expediente: RP/ 21/2018.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a Andrea Rodríguez Iglesias**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 24 de novembro de 2018, D^a Andrea Rodríguez Iglesias tiña estacionado o vehículo marca Volkswagen Golf, matrícula 8321-JKN, propiedade de D. Juan Carlos García Pinto, fronte ó número 13 da rúa Sidreiras, da parroquia e municipio de Riveira, cando, de súpeto, un colector do lixo comezou a desprazarse, batendo contra o automóbil, o que lle ocasionou unha serie de danos.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 29/11/2018 co número 17.049, D^a Andrea Rodríguez Iglesias, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifica na contía de 199,65 euros, segundo factura emitida por “*Talleres David Chapa y Pintura*”.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: copia do presuposto de arranxo do vehículo, emitido por “*Talleres David Chapa y Pintura*”; copia simple do seu DNI; copia simple da factura de reparación emitida polo citado taller.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe emitido na data 22/01/2019 pola Policía local do Concello de Riveira; e certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico rexistrado de entrada na data 18/01/2019 co número 787.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións por ningunha das partes interesadas no expediente.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.

Segundo.-





Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares nos seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades





Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Actúa en representación de D. Juan Carlos García Pinto, con D.N.I. número 46.911.604-E, que, **segundo a certificación emitida pola Xefatura Provincial de Tráfico, consta como titular do vehículo á data do sinistro**, polo que ostenta a lexitimación activa suficiente para actuar no presente procedemento.

A súa representación resulta acreditada mediante poder Apud Acta, outorgado na data 09/01/2019 ao amparo do artigo 5.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Riveira, como titular do servizo de recollida do lixo e dos materiais empregados no mesmo. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de recollida de residuos é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende do informe policial: *"(...) Realizada una inspección ocular al vehículo se pudo comprobar daños en la puerta trasera del lateral izquierdo donde se observa una abolladura, ralladuras y restos de la cinta autoadhesiva reflectante en color blanco y rojo procedente del contenedor"*, e da factura de reparación que a reclamante achega coa súa reclamación.

Sentado o anterior, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público de recollida de residuos.

Como xa se dispuxo, entre os servizos públicos mínimos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigo 26.1 da Lei 7/1985 e artigo 81 da Lei de Administración local de Galicia do 22/07/1997), para a prestación do cal é necesario a utilización de determinados medios materiais, como os colectores situados na vía pública para o depósito dos residuos sólidos. Á administración local, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento destes elementos para que non poñan en risco a seguridade dos bens e persoas que utilizan a vía pública na que estean situados, e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que





signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

A estes efectos, **a Policía Local no informe emitido na instrución deste expediente dispón que:** *“Que a las 18:20 horas del día 24 de noviembre de 2018 fuimos requeridos telefónicamente por quien posteriormente fue identificada como D^a Andrea Rodríguez Iglesias, provista con DNI: 53.484.362-R, con domicilio en la calle Campo de Marte nº 3, 2º C, de Ribeira, indicándonos que su vehículo Volkswagen Golf, matrícula 8321-JKN que se encontraba estacionado en la rúa Sidreiras frente al nº 13 había sufrido daños al impactar un contenedor de residuos que se había desplazado por causas de fuerte viento. Personados en el lugar comprobamos que el vehículo había sido movido de su posición inicial y se encontraba estacionado en la calle Isaac Peral próximo al lugar donde se encuentran ubicados los contenedores. Realizada una inspección ocular al vehículo se pudo comprobar daños en la puerta trasera del lateral izquierdo donde se observa una abolladura, ralladuras y restos de la cinta autoadhesiva reflectante en color blanco y rojo procedente del contenedor. Que los contenedores ubicados en la calle Sidreiras se encuentran sueltos sin arco de seguridad por lo cual como consecuencia de fuerte viento reinante ese día el contenedor al carecer de medidas de seguridad se desplazó e impactó contra el vehículo que se encontraba estacionado en el lugar. (...)”*

Non resulta acreditada por esta Administración a existencia dun caso de forza maior, nin a neglixencia da reclamante ou a intervención de terceiros.

En consecuencia, **enténdese que existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato** entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Volkswagen Golf, matrícula 8321-JKN, propiedade de D. Juan Carlos García Pinto.

Por todo o exposto, visto o informe co proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 27/03/2019, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao castro, de data 27/03/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a Andrea Rodríguez Iglesias, en nome e representación de D. Juan Carlos García Pinto, na contía de 199,65 euros, que se abonará da forma seguinte: o Concello de Riveira abonará a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da póliza de seguro subscrita polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas, e a aseguradora abonará a contía restante, isto é, 49,65 euros.

Todo isto, sen prexuízo de exercer a correspondente acción de repetición contra a empresa “RECOLTE SERVICIOS Y MEDIOAMBIENTE, S.A.U.”, como entidade adxudataria do contrato para a xestión do servizo público de limpeza pública urbana, recollida e transporte de residuos sólidos urbanos, e xestión do punto limpo, mediante a modalidade de concesión, asinado na data 31/07/2017.





2.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D^a SARA REDONDO SANISIDRO POLOS DANOS NO VEHÍCULO MATRÍCULA 5852KNV OCASIONADOS DURANTE AS LABORES DE DESBROCE QUE ESTABAN A REALIZAR OPERARIOS MUNICIPAIS. Expediente RP/16/2018.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D^a SARA REDONDO SANISIDRO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 28 de agosto de 2018, D^a Sara Redondo Sanisidro, con DNI número 52.933.083-D, propietaria do vehículo marca Nissan X-Trail 1.6, con placas de matrícula 5852KNV, circulaba co seu vehículo pola estrada xeral de Oleiros, cando, á altura do Colexio de A Milagrosa, bateu contra o mesmo unha pedra por mor das labores de desbroce que neses intres estaban a realizar varios operarios municipais, producíndose danos na pintura do vehículo.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 25/09/2018 co número 13.745, D^a Sara Redondo Sanisidro, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Riveira demandando o abono da reparación dos danos ocasionados que cuantifican na contía total de 152,45 euros.

Co seu escrito de reclamación achega a seguinte documentación: informe da peritaxe do vehículo; copia simple do permiso de circulación; copia simple do permiso de conducir da reclamante; e copia simple do DNI da reclamante

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Certificado de titularidade do vehículo emitido pola Xefatura Provincial de Tráfico, rexistrado de entrada na data 26/10/2018 co número 15.445.
- Informe realizado na data 29/08/2018 pola Policía local.
- Informe emitido na data 30/10/2018 polo capataz do servizo municipal de xardinería.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, sen que durante o mesmo conste a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 01/07/2015.





Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral





Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.

O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, **a reclamante formula a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo dun ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

Por outra banda, **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao se la propietaria do vehículo danado e, por tanto, quen ten que asumir o custe de reparación dos danos**, como así consta no expediente, xa que aínda que a Xefatura Provincial de Tráfico informa que na data do sinistro o automóbil estaba a nome de “Caeiro Rey, S.L.”, a Policía local aclara no seu informe que o vehículo foi matriculado na data 23/08/2018 (uns días antes do sinistro polo que se reclama), constando aínda como titular provisional a mencionada sociedade. Así mesmo, no permiso de circulación que achega a reclamante coa súa solicitude xa figura a mesma como titular do vehículo.

Por outra banda **a lexitimación pasiva corresponde ao Concello de Riveira**, que ten competencia propia en materia de parques e xardíns públicos, de conformidade co artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Centrándonos agora na análise da reclamación propiamente dita, o que si parece claramente acreditado é a realidade dos danos sufridos no vehículo marca Nissan X Trail con placas de matrícula 5852-KNV. Así se deduce do informe de peritaxe dos danos que achega a reclamante e do informe emitido pola Policía local do Concello de Riveira.

Sen embargo, e logo de dar por sentado que non se aprecia a concorrencia dunha causa ou circunstancia de forza maior, **cómpre facer estimación da existencia de nexo de causalidade entre o funcionamento do servizo público municipal e os danos producidos, por canto a reclamante conecta os mesmos ao deficiente funcionamento do servizo municipal de xardinería.**

Da documentación achegada ao expediente na fase de instrución, resulta que:

- **A Policía Local do Concello de Riveira tivo constancia dos feitos polos que se reclama, polo que puido comprobar a veracidade dos mesmos.** Así no informe emitido na instrución do expediente dispónse: “(...)





Personados en el lugar nos entrevistamos con D^a Sara Redondo Sanisidro D.N.I. 52.933.083-D con domicilio en calle Gándara nº 54-B de Oleiros (...), la cual nos muestra los daños de su vehículo, un Nissan X Trail con matrícula 5852-KNV siendo su titular provisional Caeiro Rey S.L., yq que el vehículo fue matriculado con fecha de 23-08-18, y está asegurado en la compañía MAPFRE con póliza nº 6915891487-01, los daños consisten en dos pequeños toques de gravillas que quitaron la pintura en la puerta trasera derecha, (no se adjunta informe fotográfico ya que los daños no se aprecian en las fotos). La persona que estaba realizando los trabajos de desbroce con una desbrozadora manual en el cruce de la calle Gándara, que es la jardinera del Concello de Riveira se trata de D^a Carmen Millán Regueira con D.N.I. 53.482.748-c, la cual reconoce haber causado los daños al vehículo.”

- **O capataz do servizo municipal de xardinería en informe emitido na data 30/10/2018 deixa constancia de que se tivo coñecementos dos feitos polos que se reclama, manifestando a veracidade dos mesmos:** *“Que na data 28/08/2018 estiveron traballando na parroquia de Oleiros, preto do lugar no que se ubica o Colexio da Milagrosa, realizando labores de desbroce, advertindo que durante as referidas labores un dos operarios que estaba utilizando a máquina desbrozadora, colleu unha pedra que saltou cara o vehículo marza Nissan X Trail, matrícula 5852KNV, que se atopaba circulando pola zona, batendo contra o mesmo e ocasionándolle unha leve rascadura nunha das portas do lado dereito do vehículo.”*

Da análise das probas practicadas, **conclúese que resulta acreditada a relación de causalidade** entre os danos sufridos no vehículo marca Nissan X Trail, con placas de matrícula 5852-KNV, propiedade de D^a Sara Redondo Sanisidro e o funcionamento do servizo municipal de xardinería. Como consecuencia debe estimarse a reclamación presentada polo reclamante.

Respecto do *quantum* a indemnizar, a reclamante presenta un informe pericial que cuantifica o custo da reparación na contía total de 125,99 euros sen IVE, e nun total de 152,45 euros se lle engadimos o 21% do IVE. Como neste caso a reclamante non presenta a factura de reparación do vehículo, soamente un informe de valoración dos danos, enténdese que non debe indemnizarse a porcentaxe que corresponde polo pago do IVE.

Por todo o exposto, visto o informe co proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 27/03/2019, e visto o informe emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao castro, de data 27/03/2019, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D^a SARA REDONDO SANISIDRO, polos motivos e fundamentos antes expostos, na contía de 125,99 euros, que se abonaría integramente por parte do Concello ao non superar a contía de 150 euros, que é a franquicia establecida nas condicións da





póliza de seguro subscriba polo Concello coa entidade aseguradora Mapfre Seguros de Empresas.

XII.- VAOS PERMANENTES.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 26/03/2019, no que solicita a instalación dun espello vial no cruce de Travesía Canarias co Rúa Canarias (Riveira) pola falta de visibilidade que teñen os vehículos que se incorporan á Rúa Canarias pola Travesía de Canarias.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** que se proceda á instalación dun espello vial no cruce de Travesía Canarias co Rúa Canarias (Riveira), para aumentar a seguridade vial debido á falta de visibilidade que teñen os vehículos que se incorporan á Rúa Canarias pola Travesía de Canarias.

2.- Visto o informe emitido pola **Policía Local**, de data 25/03/2019, no que solicita a eliminación dun tramo de arcén e ampliar a beirarrúa existente (capacidade *estacionamento dunha praza*), sito na estrada DP-7307, ao seu paso polo lugar de Ameixida (Castiñeiras) á altura do número 41, intersección coa Rúa das Cobas, xa que dito estacionamento, reduce a visibilidade aos usuarios que se queren incorporar desde a Rúa das Cobas á estrada DP-7307.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- a) **Aprobar** a proposta presentada pola Policía Local para que por parte dos servizos municipais se proceda á eliminación dun tramo de arcén e ampliar a beirarrúa existente (capacidade *estacionamento dunha praza*), sito na estrada DP-7307, ao seu paso polo lugar de Ameixida (Castiñeiras) á altura do número 41, intersección coa Rúa das Cobas, xa que dito estacionamento, reduce a visibilidade aos usuarios que se queren incorporar desde a Rúa das Cobas á estrada DP-7307.
- b) **Dar traslado** deste acordo ao Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial da Coruña para que proceda á emisión do preceptivo informe para a correcta execución da obra pretendida da estrada DP-7307 (Riveira).





3.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local da sentenza nº 00056/2019 do **Tribunal Superior de Xustiza de Galicia** – Con/Ad – Sec. 3 – A Coruña, de data 20/03/2019, polo que se falla inadmitir por extemporáneo o recurso contencioso-administrativo interposto por Axiña Servicios deportivos, S.L., contra sentenza de 19/10/2018 ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, que desestima o recurso contencioso-administrativo nº 29/2017, contra o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Riveira, de data 04/05/2017.

AUTORIZACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DA “FESTA DA XUVENTUDE”

Vista a proposta conxunta das **áreas municipais de Xuventude, Cultura e Turismo**, de data 25/03/2019, para levar a cabo unha programación baixo a denominación de “Festa da Xuventude”, co fin de dinamizar á mocidade deste municipio e contorna con actividades alternativas e propias destas idades, mesturando deporte, música, arte, etc..., o día 13/04/2019, no Malecón de Riveira.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) Aprobar a celebración da “Festa da Xuventude”, o día 13/04/2019, no Malecón de Riveira.
- b) Autorizar se formule a correspondente solicitud de ocupación da zona do malecón de Riveira a Portos de Galicia

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e quince minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

O Alcalde

Manuel Ruiz Rivas

Dou fe, o secretario xeral

Juan Manuel Salguero del Valle

